



## CHÍO CON AMOR

Febreiro é o mes da Candeloria, o mes que prelude a chegada da primavera, mais tamén do tan coñecido San Valentín. É, entón, o mes do amor e, para celebralo, o Departamento de Lingua Galega e Literatura organiza o concurso de mensaxes de amor **Chío con amor**. Non sabes que é un chío? De seguro que che resulta máis familiar o termo inglés tweet. A resposta é, pois, ben doada: unha mensaxe breve que non pode superar os 280 caracteres.

### Bases do concurso:

1. Para todo o alumnado de ESO.
2. Tes que escribir un chío de amor ou amizade en galego que non supere os 280 caracteres estipulados.
3. Se desexas que este chío se dedique na radio, deberalo indicar na mesma mensaxe.
4. O chío debe ir dirixido a alguén do IES Pedras Rubias e asinado cun pseudónimo.
5. Meteralo nun sobre aberto que levará escrito, na parte frontal, o nome do destinatario ou destinataria e o curso en que está.
6. Dentro do sobre debes incluír, tamén, un papel no que apareza o teu nome, o teu pseudónimo e o teu curso de referencia.
7. O sobre depositaralo nunha caixa de correo habilitada, na biblioteca, para este fin.
8. O prazo rematará ás 14:00 horas o xoves 11 de febreiro.
9. O venres 12 de febreiro repartiremos as mensaxes polas aulas para que cheguen aos seus destinatarios e destinatarias.
10. Haberá un premio por cada nivel.
11. O xurado formarao o profesorado do Departamento de Lingua Galega e Literatura.
12. Os galardoados ou galardoadas daranse a coñecer o xoves 18 de febreiro. Publicaranse os seus nomes na cortiza que está na entrada e tamén na web do centro.
13. Os premios serán unha sorpresa, mais queda garantido que será unha sorpresa orixinal.
14. Recolleranse durante o recreo do venres (19/2) na biblioteca.
15. Valorarase a creatividade, a orixinalidade e a beleza.

Ánimo, a que estás esperando? Dálle á túa alma de poeta, crea o teu chío de amor ou amizade e participa. Non te has arrepentir!